



PLAN DIXITAL

EEI FERNÁNDEZ VARELA

Curso 22/23

Índice do Plan Dixital

1.Introdución

- 1.1.Datos básicos do centro
- 1.2.Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3.Breve xustificación do mesmo
- 1.4.Proceso de elaboración

2.Situación de partida

- 2.1.Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2.Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3.Análise DAFO

3.Plan de Acción

- 3.1.Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2.Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4.Avaliación do PD

- 4.1.Seguimento do Plan de Acción
- 4.2.Propostas de mellora (revisión)

5.Difusión do PD

1.Introdución

En base a normativa vixente, e como pe do Proxecto Educativo da EEI Fernández Varela elabórase este Plan Dixital. Xurde como unha necesidade de revisar a nosa realidade en relación coa tecnoloxía e o seu emprego, co propósito de ofrecer unha liña de traballo común e conxunta para ás familias, alumnado e profesorado. Unha liña de traballo que nos permita formar alumnado coas competencias dixitais necesarias para desenvolverse nunha contorna dixitalizada.

1.1.Datos básicos do centro

DENOMINACIÓN: EEI FERNÁNDEZ VARELA
TITULARIDADE: CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA
LOCALIDADE: POBRA DO CARAMIÑAL
CÓDIGO DO CENTRO: 15013163
C.I.F.: Q6555475J
TELÉFONO: 881866295
CORREO ELECTRÓNICO: eei.fernandez.varela@edu.xunta.gal

A Escola está situada nunha zona urbana da costa galega, en concreto na Pobra Do Caramiñal. Dende o ano 1999, co traslado do alumnado de primaria a outros Centros Educativos, constituímonos en Escola de Educación Infantil, con tres unidades por catálogo, das cales 1 corresponde a 4ºEI, 1 unidade corresponde a 5º EI e outra corresponde a 6º EI. En función do alumnado matriculado no Centro e segundo as súas necesidades a inspección educativa poderá habilitar as aulas que considere necesarias. Os postos de traballo catalogados son 5; 4 mestres de EI, 1 FI. Tamén, temos 1 mestra de EI provisional, 1 mestra de AL afín PT, 1 mestra de Relixión. Formamos parte dun Departamento de Orientación compartido e con sede no CEP Pilar Maestú.

1.2.Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Neste documento, trataremos de atopar o equilibrio necesario para que a tecnoloxía se introduza nas aulas de xeito natural sen ter dependencia dela, pero sendo conscientes de que no século XXI o alumnado deberá adquirir unha serie de competencias en relación co seu emprego.

Na lexislación vixente, establécese que o Proxecto Educativo, recollerá a estratexia dixital do centro. Polo que, conformarase este Plan como unha ferramenta fundamental no noso Centro para o fomento da investigación e innovación, a formación do profesorado, a xestión e a organización interna, a compensación de desigualdades e a inclusión, etc. terá un papel importante no desenvolvemento dos proxectos elaborados a nivel de centro e en coordinación con outros Equipos.

Na actualidade, a EEI Fernández Varela, conta co PFPP Análise da competencia dixital do centro e elaboración do plan dixital.

O Plan Dixital servirá como ferramenta para alcanzar os obxectivos que se formulan na PXA do vindeiro curso.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A continuación detallamos o marco legal que sustenta a confección deste PD

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

O deseño do Plan Dixital de Centro, debe recoller as ideas principais, determinar ás prioridades e establecer os niveis de planificación; programas, proxectos e accións que marcarán o plan de traballo do centro escolar no seu proceso de cambio e mellora.

Polo que, o papel do Equipo Directivo, no proceso de deseño e implantación do Plan Dixital do Centro é fundamental, tanto pola visión global que dende a súa responsabilidade pode achegar, na fase de deseño, como pola capacidade para mobilizar recursos da organización que permitan o cambio atendendo a principios democráticos.

Pero, tamén, o papel de todo o profesorado que compón a nosa Escola, xa que, a súa implicación neste Proxecto determinará poder levar a cabo este proceso de cambio.

É fundamental, deixar recollido o papel que xogará a nosa ANPA, no que respecta a posta en práctica deste PD.

Traballamos dentro dun PFPP creado para a elaboración do Plan Dixital. A secuencia dos pasos a seguir para a elaboración final do presente Plan Dixital foi a seguinte:

- *Configuración do cuestionario Selfie, realización por parte do profesorado e análise dos resultados obtidos.*
- *Realización do cuestionario CDD en FProfe por parte do profesorado e análise dos resultados obtidos.*
- *Formación na elaboración do DAFO e confección do mesmo.*
- *Formación na elaboración do Plan de Acción e elaboración do mesmo.*
- *Elaboración do presente Plan Dixital.*

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

INFRAESTRUTURA

REDES

- A conexión a internet do centro é actualmente de fibra óptica cunha velocidade simétrica para subida e baixada teórica de 1Gbps.
- Dispoñemos de telefonía IP.
- Todas as estancias do centro; aulas, despachos, biblioteca...están conectadas a unha rede cabreada que as dota dunha conexión á internet proporcionada pola Consellería de Educación.

◦ Existen dous puntos de acceso Wifi coa rede ED_15013163. Unha na área administrativa e outra na aula PT/AL.

EQUIPAMENTO

- Todas as aulas contan con acceso a internet, ordenadores **obsoletos**, altofalantes, pantallas dixitais multitáctiles, mesas de luz...
- Na sala de mestres, están dispoñibles 3 ordenadores para o uso do profesorado con acceso a internet, unha fotocopiadora e impresora a cor (Multifunción de Renting).
- Na Dirección contamos cun ordenador de mesa.
- No Departamento de Orientación, existe un ordenador portátil.
- Na biblioteca, hai habilitado un portátil con acceso ao programa Meiga.
- CABE RECORDAR QUE OS EQUIPOS INFORMÁTICOS DOS QUE DISPOÑEMOS SON EQUIPOS OBSOLETOS QUE DIFICULTAN EN GRAN MEDIDA O TRABALLO DOS MESTRES E DIRECCIÓN.

SERVIZOS DIXITAIS EDUCATIVOS

O servizos Dixitais dos que conta o centro son os seguintes.

- @ Páxina Web do centro.
- @ Aula virtual.
- @ Participamos no proxecto Webs dinámicas facendo uso da Web e da aula virtual.
- @ Espazo Abalar.
- @ Abalar móbil.
- @ Correo electrónico persoal do profesorado.
- @ Correo electrónico de titorías e grupos de traballo.

2.2.Fontes empregadas para a análise DAFO

1.1.O RESUMO DAS ÁREAS DO INFORME SELFIE DO NOSO CENTRO EDUCATIVO, quedará recollido na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2,3				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2				
	Profesorado	3,1				
	Alumnado					
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado					
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	2,7				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoyo e Recursos	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado					

F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado					
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2				
	Profesorado	3				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.					
	Profesorado	3,6				
	Alumnado					

1.2.É fundamental, deixar recollido neste apartado ás dificultades cas que nos atopamos ao cumprimentar o Informe SELFIE, xa que, é un informe no que NON queda para nada reflectida a realidade da nosa Etapa Educativa. De feito, no análise dos resultados o propio informe contempla que os resultados obtidos amósanse como incompletos por parte do sector ALUMNADO.

TEST CDD:

Na elaboración do Test CDD, concluímos as seguintes porcentaxes dos puntos que detallamos a continuación;

Participación segundo perfil do profesorado

	Nº profesorado que participa	Nº profesorado total	% participación
DEFINITIVO	5	5	100%
PROVISIONAL	1	1	100%
INTERINO	1	1	100%

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
70,4	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf	60,8	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A2	4	57,1%
B1	2	28,6%
B2	1	14,3%
TOTAL	7	100,00%

Outras fontes:

Como outros RECURSOS, que nos axudaron no desenvolvemento e análise DAFO, cabe destacar;

@ A participación de 4 compoñentes do Equipo Docente no **desenvolvemento dun PFPP**, co obxecto de levar a cabo un análise que reflicta a realidade con respecto ao uso das TICs, e así atopar un punto de partida na realización do PD.

@ O **Asesoramento** e bo facer do noso **coordinador ADIX**.

@ O **Asesoramento** e gran axuda do Coordinador Abalar do centro.

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	@ O Equipamento nas aulas é aceptable; Internet e Pizarras Dixitais	@ Equipamento do Centro; Equipos obsoletos.
	PERSOAL DOCENTE	@ Concienciación de Dirección e Persoal Docente da importancia das TICs	@ Formación básica do profesorado en base ás TICs
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	@ Búsqueda de recursos axeitados, por parte do persoal docente, para o traballo na Etapa da EI. @ Predisposición do alumnado ao manexo das tecnoloxías dixitais.	@ Limitación por parte do alumnado no traballo con TICs, en canto a Etapa educativa na que nos atopamos.
	FAMILIAS	@ Boa comunicación tecnolóxica centro-familias; aplicación abalar, páxina web,...	
	OFERTA	@ Existencia de actividades extraescolares a nivel dixital promovida pola ANPA.	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	@ Existencia dun espazo específico para o uso tecnolóxico.	@ Ausencia dunha estratexia dixital de centro.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	@ Presenza no Centro Educativo, do Asesor Abalar da zona.	@ Falta de axudas económicas nas dotacións por parte das Administracións. @ Falta de tempo, para explorar o ensino con tecnoloxías dixitais.
	LEXISLACIÓN		@ Excesiva burocracia, con respecto á documentación, prazos,...
	CONTORNA		
	ANPA	@ Boa participación e implicación das familias no centro educativo. @ Material dixital facilitado á escola para o uso diario do alumnado.	@ Escaso coñecemento a nivel dixital por parte das familias.
	OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

O Plan de Acción está previsto que se implante ao longo do curso 2022-2023 de acordo coa prioridade de acción necesaria.

Na EEI Fernández Varela, decídese elaborar este Plan tendo en conta tres grandes obxectivos, nos que se priorizará as seguintes áreas de acción; Infraestrutura e equipamento, Desenvolvemento profesional, Pedagogía: implementación na aula, Prácticas de ensino-aprendizaxe.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- MAIOR DOTACIÓN DE ORDENADORES QUE FUNCIONEN BEN NA SALA DE MESTRES. Os Equipos informáticos dos que dispoñemos para o noso traballo diario son moi antigos, o seu funcionamento non é adecuado. No que respecta ao traballo do profesorado, neste centro educativo, o traballo é por Proxectos educativos, polo que, o bo funcionamento dos Equipos é imprescindible.
- NA ÁREA DE DIRECCIÓN, o equipamento é moi precario, o ordenador funciona con moita lentitude e o lector dixital non é compatible co ordenador, polo que non é posible realizar as xestións que requiran de certificado dixital con el.
- Na sala de mestres, temos unha fotocopiadora e impresora a cor (Multifunción de Renting).
- No Departamento de Orientación, existe un ordenador portátil.
- NOVOS EQUIPOS DE ROBÓTICA EDUCATIVA PARA TODAS AS AULAS E PARA A BIBLIOTECA DE EXPERIENCIAS. O vindeiro curso académico, queremos emprender, tal e como queda recollido no Plan de Acción como un dos nosos obxectivos "Iniciar ao noso alumnado na robótica", polo que, farase imprescindible dispoñer de dito material.
- Na biblioteca, hai habilitado un portátil, ANTIGO, con acceso ao programa Meiga.
- 1 impresora 3D para a creación dun espazo maker.
- Proxectores para as aulas (Pedagogía da luz).
- Dúas tabletas para o traballo na biblioteca.
- 1 smartphone para mellorar a comunicación coas familias.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": Prácticas de ensinanza e aprendizaxe.						
1.OBXECTIVO (1):	Iniciar o alumnado da nosa Etapa Educativa na robótica.				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección e profesorado.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de aulas que participan.					
Valor de partida (3)	Na actualidade non participa ningunha aula.					
Valor previsto e data (4)	Participación da totalidade de aulas.			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Crear e dotar un espazo no Centro Educativo para traballar a robótica co alumnado.	Dirección	1º TRIMESTRE 22/23	Recursos Humanos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Inclusión no programa Bibliotecas creativas.	Dirección	30 Setembro	Ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Planificación e deseño de actividades con Scornabots	Profesorado	1º TRIMESTRE 22/23	Ordenadores con conexión a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.4: Traballo do alumnado cos scornabots.	Profesorado	2º e 3º TRIMESTRE	Scornabots e Equipos Informáticos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.5: Colaboración da ANPA no desenvolvemento desta proposta, como actividade extraescolar.	Anpa. Monitores	2º e 3º TRIMESTRE	Scornabots e Equipos Informáticos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Desenvolvemento profesional						
2.OBXECTIVO (1):	Implementación dun PFPP a nivel dixital.				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección e coordinadora de TICs				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de profesorado que participa.					
Valor de partida (3)	Non participa ninguén.					
Valor previsto e data (4)	Participación da totalidade do profesorado.			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Detección de necesidades de formación do profesorado a nivel dixital	Coordinadora de TICs e Profesorado	Setembro 22	Equipo informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Solicitud de PFPP	Coordinadora de TICs	Setembro 22	Equipo informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Elaboración do Plan de formación	Coordinadora de TICs	Outubro 22	Ordenadores con conexión a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.4: Realización da formación por parte do profesorado.	Profesorado	Xuño 23	Equipo informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Infraestrutura						
3.OBXECTIVO (1):	Actualización e renovación de Equipamento Informático de cara a mellorar os Equipamentos Informáticos existentes no centro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador de TICs e Dirección.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de Equipos Informáticos na súa totalidade.					
Valor de partida (3)	Número de Equipos Informáticos Obsoletos. Número descoñecido, saberase tralo inventario.					
Valor previsto e data (4)	Renovación dun 25 % do Equipamento Informático Obsoleto (estimado)			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Realizar un inventario no que se recolla todos os medios tecnolóxicos dispoñibles no Centro educativo.	Dirección e mestres.	1º TRIMESTRE 22/23	RECURSOS HUMANOS		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Actualización dos Equipos Informáticos que o necesiten.	Dirección e Asesor Abalar/UAC	1º TRIMESTRE	Equipamento Informático		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Petición á inspección/AMTEGA de renovación do Equipamento Obsoleto.	Dirección	1º TRIMESTRE	Ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

Os obxectivos formulados neste PLAN, están pensados para o período 2022/2023, polo que a avaliación será global, continua e formativa.

Co fin de facer unha avaliación o máis completa posible, valoraremos os seguintes aspectos;

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora. Realizarase por parte do Equipo de TICs, tendo en conta os seguintes criterios; o grao de implicación do alumnado, o grao de implicación das familias e do resto da comunidade educativa, o grado de implicación dos docentes, o grao de adecuación das actividades, a eficacia na xestión dos espazos e recursos...

- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

Os **Indicadores de avaliación**:

@ O 90% do profesorado móstrase satisfeito co desenvolvemento do Plan.

@ O 50% das familias valora positivamente as aprendizaxes e relación coas TICs na escola dos seus fill@s.

@ O colexio dispón da dotación material proposta neste Plan (renovación dun 25%).

@ Emprégase a robótica nas aulas (50%).

Tanto na avaliación procesual como final, teranse en conta as modificacións levadas a cabo así como as posibles as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

Para dar a coñecer este Plan, empregaranse todas as canles de comunicación das que dispón o noso Centro Educativo. Polo que, unha vez aprobado polo Claustro e Consello Escolar, incorporárase ao Proxecto Educativo e será publicado na páxina web do Centro.